



## VI CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DAS RESERVAS DA BIOSFERA “TERRAS DO MIÑO” E “OS ANCARES LUCENSES”.

### INTRODUCCIÓN

Os usos do territorio e os coñecementos tradicionais foron recoñecidos como factores fundamentais para a conservación da biodiversidade e a agrodiversidade. Ademais, outros valores culturais como os de tipo histórico (feitos ou eventos históricos relevantes), lingüístico (contos e lendas, dialectos), artístico (danzas, música tradicional, fotografía de natureza), social (oficios tradicionais, gastronomía), relixioso (romarías e peregrinacións) ou espiritual (ermidas, fontes), merecen ser atendidos polo carácter identitario que supoñen, e por tanto, pola vinculación que favorecen entre as persoas (locais e visitantes) e os obxectivos de xestión do lugar.

Desde o punto de vista da xestión das reservas da Biosfera “Terras do Miño” e “Os Ancares Lucenses”, cabe subliñar que a súa misión non se limita a conservar o patrimonio natural, senón que a xestión debe incorporar a salvagarda dos valores culturais asociados.

Entre os principais ámbitos do patrimonio inmaterial considerados na Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO (2003), atopáanse os usos sociais, rituais e actos festivos.

Constitúen costumes que estruturan a vida de comunidades e grupos, que reafirman a identidade de quen os practican. Están estreitamente vinculados con acontecementos significativos (como poden ser os cambios de estación ou as faenas agrarias). Inclúen desde ritos de culto e transición, a sistemas xurídicos consuetudinarios, cerimonias estacionais ou prácticas de caza, pesca e de recolección. A devandita Convención do 2003 privilexia os usos sociais específicos, que están especialmente vinculados a unha comunidade e contribúen a reforzar o seu sentimento de identidade e continuidade co pasado.

Por todo anterior, e como vén sendo costume, dende a Deputación de Lugo organizárase este Concurso de Fotografía, que terá como fio condutor para este ano 2019: “AS NOSAS ÁRBORES” nas Reservas da Biosfera “Terras do Miño” e “Os Ancares Lucenses: Montes de Cervantes, Navia e Becerreá”, con esta temática pretendéase poñer en valor, dar a coñecer e festexar o

Código Seguro de Verificación	IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4	Fecha y Hora	07/06/2019 14:05:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ARGELIO FERNÁNDEZ QUEIPO (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de Data 16/04/2018) En Funcións)		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4</a>	Página	1/7



patrimonio natural das nosas reservas, o cal é unha das ferramentas fundamentais para o desenvolvemento destas zonas.

Por todo o anteriormente exposto procede comezar os trámites necesarios para poder desenvolver o concurso fotográfico segundo as seguintes:

## BASES

### PRIMEIRA

Poderán optar ao premio todas as persoas maiores de idade que estean interesadas, con obras que non fosen premiadas con anterioridade.

### SEGUNDA

As fotografías presentadas realizaranse no territorio da Reserva da Biosfera “Terras do Miño” e “Os Ancares Lucenses. Montes de Cervantes Navia e Becerreá”, tendo como temática “As nosas árbores” dentro da Biosfera “Terras do Miño” e “Os Ancares Lucenses. Montes de Cervantes, Navia de Becerreá”. Neste particular cómpre aclarar a que se refire este título:

Procurarase obter instantaneas das árbores autóctonas que gocen dunhas características extraordinarias que a fagan destacar sobre o resto, tamén se admitirán fotografías de masas ou formacións arbóreas autóctonas (carballeiras, soutos, etc...). Estas particularidades poden referirse a súa idade, tamaño, beleza, etc...

### TERCEIRA


Establécense 3 premios en metálico do seguinte xeito:

1º premio: 800 Euros.

2º premio: 500 Euros.

3º premio: 300 Euros.

Código Seguro de Verificación	IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4	Fecha y Hora	07/06/2019 14:05:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ARGELIO FERNÁNDEZ QUEIPO (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de Data 16/04/2018) En Funcións)		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4</a>	Página	2/7





Os criterios a valorar serán: composición, orixinalidade e calidade estética da imaxe, tendo en conta que a valoración numérica sobre 10 de ditos criterios é a seguinte:

Composición: 3

Orixinalidade: 4

Calidade estética: 3

**1.- Composición:** A composición fotográfica, defínese, como o acto de atopar un punto de vista que sitúa todos os elementos nunha posición visualmente atractiva para o espectador. Ao compoñer unha imaxe, estrutúranse os elementos coa finalidade de lograr impactar a través da transmisión dunha mensaxe visual. Algúns elementos cos que se pode xogar na composición son: **A atracción da atención** cara ao centro de interese, o motivo da imaxe. **A textura e sensacións de tacto** que pode evocar a imaxe. **A forma e o volume dos obxectos**, así como a sensación de profundidade destes na escena. **O contraste** como elemento de atracción e resalte: contraste no ton, o tema, os motivos,...Para traballar estes elementos, para modelar e transmitir mensaxes nesta linguaxe visual, o fotógrafo ten á súa disposición múltiples ferramentas:

- Encadre do motivo e a súa contorna.
- Localización dos obxectos dentro do encadre
- Enfoque total ou selectivo
- Perspectiva e ángulo de tóma
- Iluminación da escena.

Cando se considere que a composición é errónea ou non recolla unha boa execución do recollido anteriormente outorgarase (0 puntos).


Cando a composición sexa simplemente correcta sen sobresaír en ningunha dos anteriormente mencionados ítem outorgarase (1 punto).

Cando a composición resulte notable outorgarase (2 puntos).

Cando a composición sobresaia na obra e teño un carácter sobresaínte en relación ao resto de fotos ou polo seu contido outorgarase (3 puntos).

**2.- Orixinalidade:** é a calidade das obras creadas ou inventadas que as fai ser novas, e que as distingue das copias, as falsificacións, os plaxios ou as obras derivadas. Unha obra orixinal nin deriva doutras obras nin é unha copia

Código Seguro de Verificación	IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4	Fecha y Hora	07/06/2019 14:05:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ARGELIO FERNÁNDEZ QUEIPO (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de Data 16/04/2018) En Funcións)		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4</a>	Página	3/7



realizada sobre outra, que sería a súa orixe, marcando que se compón dunha forma, como este. Unha idea orixinal é a que non se concibiu con anterioridade por ninguén. Orixinal é unha forma de denominar a unha obra de arte, tanto se é unha obra dalgunha das artes plásticas (as únicas que consisten nun obxecto material) coma se é unha obra musical ou unha obra literaria (que non consisten nun obxecto material, senón nunha secuencia de sons ou palabras, polo que o termo orixinal úsase para designar ao primeiro soporte enviado polo autor ao editor, no momento en que a obra está terminada pero aínda é inédita, como unha partitura ou un manuscrito, incluso un caso mixto entre as artes plásticas e as literarias, como son os orixinais de cómic); pero tamén a un negativo fotográfico, ou a unha gravación mecánica de son ou imaxe en calquera tipo de soporte que sexa imposible de copiar con plena integridade. Tal circunstancia fai necesaria a preservación do orixinal para preservar a súa integridade.

Ante o anteriormente exposto valorarase a orixinalidade do seguinte xeito:

Outorgarase (0 puntos), cando a obra non conteña ningún elemento de orixinalidade ou constituía unha copia de obras similares ou coñecidas.

Outorgarase (1,33 puntos), cando a obra teña unha orixinalidade suficiente pero non destacable ou se asemelle demasiado a outras obras dentro do mesmo concurso ou con sona suficiente para ser recoñecidas.

Outorgarase (2,5 puntos), cando a obra teña unha orixinalidade, a criterio do comité avaliador ou xurado, notable e quede demostrado que non recorda a ningunha obra dentro do mesmo concurso ou algunha de grande sona.

Outorgarase (4 puntos), cando a obra teña unha orixinalidade, a criterio do comité avaliador ou xurado, sobresáinte e quede demostrado que é unha peza única tanto en relación ao resto de obras do concurso como na súa temática.

**3.- Calidade estética:** no caso das fotografías este concepto debe mesturar calidade técnica e estética da fotografía, neste concepto terase en conta:

- Bo encadre, bo enfoque, luminosidade suficiente, axustados ao que a fotografía pretende expresar. Ausencia de encadre e enfoque pero con finalidade estética ou expresiva. (3 puntos)
- Hai partes da fotografía desenfocadas, está é escura ou o encadre non é todo o bo que debe. Non se axusta á idea que se pretende expresar. (1,5 puntos)
- Desenfocada, con mala luminosidade (escura ou queimada) e con mal encadre (0 puntos).

Código Seguro de Verificación	IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4	Fecha y Hora	07/06/2019 14:05:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ARGELIO FERNÁNDEZ QUEIPO (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de Data 16/04/2018) En Funcións)		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4</a>	Página	4/7





#### CUARTA

Poderase presentar unha fotografía por autor/a.

A obra para concurso será presentada sen montar, sen enmarcar e sen passe-partout, e poderá ser realizada en branco e negro ou en cor. A fotografía terase que presentar do seguinte xeito:

Entregarase un CD-ROM coa imaxe en formato TIFF, modo de cor RGB. O arquivo terá un tamaño mínimo de 15 Mb. No mesmo CD-ROM deberá existir unha copia da fotografía cun tamaño aproximado de 1,2 Mb comprimidas co formato JPEG (.jpg) en modo de cor RGB.

Será necesario acompañar unha copia da fotografía en papel fotográfico cun tamaño de 20x30 cm., ocupando a imaxe a totalidade do papel sen ningún tipo de marco.

A fotografía deberá levar no dorso o título ou lema, e acompañarase dun sobre pechado que inclúa o nome e apelidos do autor/a, data de nacemento, enderezo, teléfono, correo electrónico, título da obra e lugar onde se realizou. O devandito sobre levará no exterior o título ou lema da fotografía presentada.


O autor deberá cumprimentar a declaración responsable, ANEXO I, na que se recolla expresamente que é autor do traballo presentado e que o mesmo é inédito. Así mesmo deberá constar consentimento expreso para que a Excm. Deputación Provincial de Lugo poida publicar e expor o traballo presentado.

Co fin de garantir a imparcialidade na resolución do concurso, o sobre non terá identificacións persoais, e xunto co sobre presentarase no Rexistro o ANEXO II modelo identificativo para cumprir coa normativa vixente, que será custodiado pola Unidade de Rexistro.

#### QUINTA

O concurso será publicitado mediante a páxina web da Deputación Provincial, onde se atopará toda a información para a participación no concurso, bases e documentos necesarios.

Código Seguro de Verificación	IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4	Fecha y Hora	07/06/2019 14:05:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ARGELIO FERNÁNDEZ QUEIPO (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de Data 16/04/2018) En Funcións)		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4</a>	Página	5/7



O prazo de presentación de fotografías comezará ao día seguinte á publicación no B.O.P de Lugo da presente convocatoria e bases, e rematará o vindeiro 31 de outubro de 2019.

As fotografías deberanse presentar no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo, Rúa San Marcos, 8, C.P. 27001, Lugo, indicando no sobre “CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES”.

#### SEXTA

O xurado estará formado polo Presidente da Deputación Provincial de Lugo ou persoa en quen delegue, un técnico do Servizo de Medio Ambiente, un técnico do Servizo de Audiovisuais, e un técnico do órgano xestor das Reservas da Biosfera. Ademais convidarase ao gañador da edición anterior a formar parte do xurado.

O concurso non poderá declararse deserto, agás no caso de que non se presenten candidatos ou os presentados non reúnan os requisitos esixidos nas bases reitoras da convocatoria.

A decisión do xurado será dada a coñecer directamente aos premiados e farase pública no cuarto trimestre de 2019.


#### SÉTIMA

As fotografías presentadas a concurso deberán ser inéditas e realizadas polo participante. Este será o único titular dos dereitos de autor fronte a terceiras persoas. Ademais, os concursantes responsabilizaranse dos consentimentos e permisos necesarios para usar as imaxes obtidas.

Os autores das obras premiadas cederán a favor da Deputación Provincial de Lugo todos os dereitos patrimoniais destas, en especial os dereitos de exposición, publicación e calquera outros relacionados coa difusión, citando sempre o nome do autor. Estes dereitos estenderanse a un período total de trinta anos.

O pago destes dereitos entenderase comprendido na dotación económica dos premios do certame.

Código Seguro de Verificación	IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4	Fecha y Hora	07/06/2019 14:05:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ARGELIO FERNÁNDEZ QUEIPO (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de Data 16/04/2018) En Funcións)		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4</a>	Página	6/7





## DEPUTACIÓN DE LUGO

Os autores poderán empregar os traballos premiados co consentimento da Deputación Provincial de Lugo.

A Deputación Provincial de Lugo poderá publicar ou expor os traballos premiados e non premiados que se consideren de calidade, tanto fisicamente como on-line.

En ningún caso se devolverán as fotografías aos participantes no concurso.

### OITAVA

A participación neste concurso supón a aceptación íntegra destas bases.

En Lugo, na hora e data da sinatura dixital

O Xefe do Servizo de Medio Ambiente  
(en ATF).

Asdo: Luís J. Fernández Reiña

Conforme:

O Deputado Delegado de Cooperación  
e Asistencia aos concellos e Medio  
Ambiente

Asdo: Argelio Fernández Queipo, en  
funcións

Código Seguro de Verificación	IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4	Fecha y Hora	07/06/2019 14:05:37
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	ARGELIO FERNÁNDEZ QUEIPO (Presidente (firma Delegada P.d. Decreto de Data 16/04/2018) En Funcións)		
Firmado por	LUIS JESÚS FERNÁNDEZ REIJA		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV6THQP43NWDL3MK2IQGIDQFP4</a>	Página	7/7

